

ASOCIACIÓN LAR DE UNTA PROTOCOLO DE DESESCALADA

A directiva da Asociación Lar de Unta ten a ben explicar o procedemento da entidade ante o proceso de volta á actividade da Asociación. Este estará sempre enmarcado nas medidas gubernamentais de desescalada xeral por mor da crise do COVID19 e nas fases ditaminadas pola mesma para locais culturais de uso múltiple.

1. Entendemos que a Asociación Lar de Unta ten dúas vertentes, unha como LOCAL SOCIAL para os seus socios e outra como entidade Gastronómica, Cultural, Deportiva e Xuvenil.
2. Asimismo as actividades e eventos poden ser celebrados dentro do local ou fora do mesmo tanto organizados pola propia Asociación como colaborando con outras organizacións.

Tanto a primeira como a segunda vertente están suxeitas ao determinado polo goberno do Estado no plano de reactivación como Asociación Cultural de xeito que a reactivación de actividades non poderá realizarse antes da Fase 2 de desescalada.

O aforo do local Lar de Unta, dada a superficie do salón principal de 65 m², ven ser de 40 persoas máximo. A normativa estipula que as salas multiuso teñan restrinxida a súa apertura á fase 2 e a 1/3 do seu aforo. Este aforo máximo implica que a cantidade máxima de persoas que poidan utilizar o local sexa de 14 persoas.

Se cumprirá no uso do local os tres puntos que se indican a continuación segundo sexa o tipo de actividade a desenvolver por parte dos socios.

1. Utilización por parte dos socios do local.
 1. Restrinxirase a unha cantidade dun máximo de 14 usuarios simultaneamente.
 2. Será necesaria a reserva do local para o seu posible uso. Comunicando á responsable do local a súa petición de utilización, a cal centralizará as reservas para evitar coincidencias ou malos entendidos. Indicarase data e número de usuarios.
 3. A reserva de local será necesaria incluso nos DIAS DO SOCIO.
 4. O responsable do cumprimento destas indicacións será o socio reservante do local.
 5. O prioridade seguirá o estipulado no actual mecanismo de reserva de local para uso particular.
 6. Poderase simultanear mais dúnha reserva sempre que non se complete o número máximo de usuarios.
 7. O uso do local implica a utilización das medidas de seguridade socialmente admitidas (uso de mascarilla, garda da distancia de seguridade, lavado frecuente de mans, etc...)
 8. Tras cada utilización deberase proceder á limpeza integral por parte dos usuarios de todas as dependencias. Cociña, Baño e Salón principal. A limpeza realizarase cos materiais habilitados ao efecto, e en todo caso co uso de lixívia disolta en auga nunha proporción de 1 parte de LIXÍVIA sobre 50 partes de AUGA FRÍA.
 9. Unha vez utilizado o local se garantira unha AIREACIÓN do local de alomenos unha hora, como moi tarde na mañá do día seguinte.
2. Actividades culturais, deportivas e xuvenís a realizar DENTRO DO LOCAL.
 1. Restrinxirase a unha cantidade dun máximo de 14 usuarios simultaneamente.

2. Seguirase o protocolo actual de reserva para actividades culturais, deportivas e xuvenís. Indicarase data e número de usuarios estimados.
3. Seguiranse as indicacións de uso do apartado 1 sendo responsable do seu cumprimento o socio reservante.
3. Actividades culturais, deportivas e xuvenís a realizar FORA DO LOCAL.
 1. Nas colaboracións que ven realizando tradicionalmente a nosa Asociación (con Concello, Fragas do Mandeo, etc...) en localizacións externas ao Local da Asociación, manterase o estipulado na normativa xeral vixente.
 2. Nas actividades desenvolvidas pola Asociación en exterior (recollida cogumelos, visitas culturais, etc...) manterase o estipulado pola normativa xeral vixente.
 3. Procurarase a non utilización do INTERIOR do local como punto de encontro de xeito que poida utilizarse outro punto exterior.
 4. Procurarase a non utilización do INTERIOR dos locais da asociación como almacén e no caso de que sexa necesario se realizará a limpeza e desinfección según o acordado no punto 1 sendo responsable do seu cumprimento o socio reservante.